EXPEDIENTE 2026/G010/000009. PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA 3 DE AGOSTO DE 2026.

ACTA Nº 2026/9

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: luns 3 de agosto de 2026
Hora de comezo: 14.05 horas
Hora de remate: 14.08 horas

PRESIDE:

JESÚS JOSÉ REBOREDO GONZÁLEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUÁREZ MILLÁN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
EMMA BLANCO LOIS

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

AUSENCIAS:

JOSÉ LUÍS RAMOS BARREIRO (**Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)**

JESUS MARTINEZ PEREIRA (**Partido Galego (PG)**

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

PUNTO ÚNICO. EXPEDIENTE 2026/C003/000010. Contratación obra"Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro, 1ª fase". Proposta de adxudicación.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

PUNTO ÚNICO. "EXPEDIENTE 2026/C003/000010. CONTRATACIÓN OBRA"MELLORA DO BOMBEO DA CAPTACIÓN DA ETAP DE TOURO, 1ª FASE". PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

ANTECEDENTES

11/06/2026. Aprobación do expediente de contratación polo Pleno da Corporación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: Rh4ssAw6RfLcBSJ9IDin Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Tipo de contrato: Obra	
Obxecto do contrato: "Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro, 1ª fase"	
Procedemento de contratación: aberto simplificado	Tipo de tramitación: ordinaria
Código CPV: 45232150-8 Traballos relacionados con tubaxes de distribución de auga	
Valor estimado do contrato: 521.699,55 € (excluído IVE)	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 521.699,55 €	IVE (21 %): 109.556,91 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 631.256,46 €	
Prazo de execución: 9 meses	

14/06/2026. Publicación do anuncio de licitación na Plataforma de contratación do sector público.

07/07/2026 Mesa de contratación onde se procedeu á apertura dos arquivos electrónicos sobres A (documentación) e B (declaracións, compromisos e referencias técnicas - criterios non avaliables de forma automática) presentados a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (htpps://contrataciondelestado.es).

09/07/2026 Mesa de contratación onde se procedeu á valoración dos sobres B (declaracións, compromisos e referencias técnicas - criterios non avaliables de forma automática) e apertura e valoración dos sobres C (oferta económica e referncias valorables automaticamente) presentados a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (htpps://contrataciondelestado.es) onde consta de xeito textual o seguinte:

Unha vez remitido o informe técnico sobre a valoración das proposicións técnicas e conforme ao mesmo, asumindo a Mesa o seu contido; ao abeiro dos criterios do PCAP, resultan as puntuacións seguintes:

LICITADOR	***Plan de control de calidade 2 puntos***	***Programa de traballo 13 puntos***	***Programa de actuación ambiental 8 puntos***	***Esquema do Plan de seguridade e saúde 2 puntos***	***Total puntuación 25 puntos***
ESPINA Y DELFÍN, S.L.	*1,90*	*12,35*	*7,60*	*1,90*	*23,75*
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	*1,90*	*8,45*	*5,20*	*1,30*	*16,85*
HORDESCÓN, S.L.	*1,90*	*6,50*	*4,00*	*1,00*	*13,40*

2.- Apertura criterios evaluables automáticamente: sobres C.

Procédese á apertura dos sobres C das empresas que foron admitidas:

Licitador	***Prezo Importe sen IVE***	***IVE***	***Importe oferta IVE incluída***	***Redución prazo execución***	***Incremento prazo de garantía***
ESPINA Y DELFÍN, S.L.	*519.000,00 €*	*108.990,00 €*	*627.990,00 €*	*150 días*	*4 anos*
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	*444.450,00 €*	*93.334,50 €*	*537.784,50 €*	*150 días*	*4 anos*
HORDESCÓN, S.L.	*478.972,36 €*	*100.584,20 €*	*579.555,56 €*	*90 días*	*4 anos*

Realizada a comprobación de que as ofertas non presentan valores anormalmente baixos, procedeuse a puntuar as ofertas presentadas (sobre C) ao abeiro dos criterios de valoración da cláusula 14 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

CVD: Rh4ssAw6RfLcBSJ9ID1n Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Licitador	*Prezo Importe sen IVE 50 puntos*	*Redución prazo execución 15 puntos*	*Incremento prazo de garantía 10 puntos*
ESPINA Y DELFÍN, S.L.	*42,82*	*15*	*10*
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	*50*	*15*	*10*
HORDESCÓN, S.L.	*46,40*	*9*	*10*

*A continuación procedeuse a realizar a suma das puntuacións obtidas polos licitadores dos sobres B (referencias técnicas - criterios non avaliables de forma automática) e dos **s**obres C (oferta económica e referencias valorables automaticamente) co seguinte resultado:*

Licitador	*Total puntuación sobre B 25 puntos*	*Total puntuación sobre C 75 puntos*	*Total puntuación sobre B e C 100 puntos*
ESPINA Y DELFÍN, S.L.	*23,75*	*67,82*	*91,57*
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	*16,85*	*75*	*91,85*
HORDESCÓN, S.L.	*13,40*	*65,40*	*78,80*

Ao abeiro do anterior a Mesa por unanimidade, acorda:

***PRIMEIRO.** Clasificar as ofertas ordenadas de xeito decrecente:*

Licitador	*Puntuación*
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	*91,85*
.ESPINA Y DELFÍN, S.L.	*91,57*
HORDESCÓN, S.L.	*78,80*

***SEGUNDO.** Requirir á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. para que no prazo de 7 días constitúa a garantía definitiva, e no seu caso, a complementaria. Ademais deberá presentar a documentación indicada na cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares.*

NORMATIVA QUE SE APLICA

- Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997 de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e demais disposición concordantes que resulten de aplicación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

PRIMEIRA. Formulouse a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación, cumprido o requirimento en tempo e forma por parte do licitador que formulou a oferta máis vantaxosa, aportando

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: Rh4ssAw6RfLcBSJ9ID1n Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

aval bancario subscrito coa entidade ABANCA Corporación Bancaria, S.A., NIF A70302039 e inscrito no Rexistro especial de avais o 15 de xullo de 2026 co número 705263 por importe de 22.222,50 €

SEGUNDA. O órgano competente para aceptar a proposta de adxudicación é o Pleno xa que o importe do orzamento do contrato (importe sen prórrogas e máis IVE, como partida independente) excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento (disposición adicional 2ª, 1 e 14 da LCSP).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Adxudicar á execución das obras "Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro, 1ª fase" á mercantil EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. con C.I.F. B15410608, nas condicións contempladas nos pregos que rexen na contratación e a oferta achegada polo adxudicatario, por importe de 444.450,00 € máis 93.334,50 € en concepto de IVE para un total de 537.784,50 €, un prazo de garantía de 5 anos e un prazo de execución de 4 meses.

SEGUNDO. Dispor o gasto por importe de 537.784,50 € con cargo á aplicación orzamentaria 452.63900 do orzamento de gastos en vigor.

TERCEIRO. Efectuar os seguintes nomeamentos en materia de responsable do contrato, dirección de obra e de seguridade e saúde na obra:

Designar como responsable do contrato e director de obra a Pablo Blanco Ferreiro, ao abeiro do establecido no prego de cláusulas administrativas e no artigo 62.2 da LCSP.

Dirección de execución da obra: Pablo Blanco Ferreiro

Coordinador de seguridade e saúde na obra: José Ignacio Alonso Díaz.

CUARTO. Publicar a adxudicación no perfil de contratante no prazo de quince (15) días.

QUINTO. Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios, xunto cos recursos que procedan.

SEXTO. Notificar a Alberto López Martín en representación de EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. adxudicataria do contrato xunto cos recursos que procedan, o presente acordo e citarlle para a formalización do contrato en documento administrativo dentro do prazo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación da súa adxudicación constituído dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

SÉTIMO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

OITAVO. *Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co detalle correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.*

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A proposta de adxudicación das obras "Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro, 1ª fase" resultou aprobada pola unanimidade dos nove concelleiros que asisten á sesión (5 concelleiros do PP, 2 concelleiros de MVXT, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito), sendo once o número legal de membros).

*** As deliberacións correspondentes aos puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión, publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:**

https://www.concellodetouro.com/index.php/gl/concello/plenos/videos

https://www.youtube.com/watch?v=PjJXJV4YIaM

CVD: Rh4ssAw6RfLcBSJ9ID1n Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

*** As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000009 e identificado pola pegada dixital: b189b239f463190b9036ec9bd97174a9aa057194a9e4bbe5f960a2176641db1e**

Minutaxe

02:33 EXPEDIENTE 2026/C003/000010. Contratación obra"Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro, 1ª fase". Proposta de adxudicación.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 14.08 horas do 3 de agosto de 2026.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

CVD: Rh4ssAw6RfLcBSJ9ID1n Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)